



Asunto: Resolución da Inscripción do Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte

Nº expediente: PR946A/2025/2403

O 25 de abril de 2025 recibíuse solicitude de inscrición do protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte no Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia, formulada por Maria SACRISTÁN GARCIA no nome e representación da entidade SKM SPAIN-KRAV MAGA, con domicilio na avenida Camelias, 51, 4ºD, 36211, Vigo (Pontevedra), e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Coa solicitude de inscrición presenta o Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 66 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia crea o Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. O artigo 12 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia adscribe o dito rexistro ao órgano superior da Administración xeral da comunidade Autónoma competente en materia de deportes.

Segundo. O capítulo IV do Decreto, regula o réxime xurídico do acceso ao rexistro, e a documentación que as entidades deben presentar para seren inscritas, segundo a súa tipoloxía e acto inscribible.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez cualificada a documentación presentada nos termos do artigo 7 do Decreto, procede a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Cuarto. O artigo 67 da Lei establece que a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia non validará os actos que sexan nulos nin os datos que sexan incorrectos de acordo coas leis.

Quinto. O artigo 47 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, establece que os Protocolos de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte, deben aplicarse en todos os centros que realicen actividades deportivas.

Sexto. O artigo 48 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, determina as obrigacións ás que están suxeitas as entidades para a protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación,

RESOLVO:

1. Inscribir o Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte de Galicia de SKM SPAIN-KRAV MAGA e a Maria SACRISTÁN GARCIA como persoa delegada de NNA (DP) no Rexistro de Entidades Deportivas

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.





Pontevedra, na data da sinatura electrónica

José Ramón Lete Lasa
Secretario Xeral para o Deporte

Por delegación de sinatura (Resolución do 18 de Decembro de 2018)

Daniel Benavides Alonso
Xefe do Servizo de Deportes de Pontevedra

